



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACION DO SERVIZO DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DO CONCELLO DA CAPELA"

FEITOS

1 Por Resolución da Alcaldía-Presidencia Nº 297/2017, do 12 de setembro de 2017, aprobouse o expediente para a licitación e contratación polo sistema de procedemento aberto, tramitación ordinaria, cun único criterio de valoración: factor prezo do servizo denominado **"Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela"**.

2 Na mesma Resolución prestouse aprobación os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

3 Publicáronse anuncios de licitación o día 22 de setembro de 2017 no BOP Nº 181 e no perfil do contratante da páxina web do Concello www.concellodacapela.es

4 No prazo establecido ó efecto presentaron ofertas as seguintes empresas:

- GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
- HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L.

5 A Mesa de Contratación Permanente do Concello réúneuse o día 20 de outubro de 2017 para a apertura do sobre A) denominado "documentación" e posterior apertura do sobre B) denominado "oferta económica", as empresas que concorreron a licitación e contratación de referencia presentaron as seguintes ofertas:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. oferta: 79.038,20 €/anuais IVE incluído.
- HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L. oferta: 74.900,76 €/anuais IVE incluído.

A mesa de Contratación acordou propoñer ó órgano de contratación competente (Sr. Alcalde-Presidente) a adxudicación da contratación do servizo denominado **“Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela”** á oferta económica máis ventaxosa que é a presentada pola empresa HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L.

6 En data 23 de outubro de 2017 notificouselle á empresa HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L. o requirimento da documentación previsto na cláusula 11.2 en relación coa 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación e contratación. A empresa HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L. presentou a documentación requirida no Concello na data do 24 de outubro de 2017.

E tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Artigos 21.1, letras a) e b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP)
- Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2017.

Visto o anterior,

RESOLVO



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A ☐ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 ☐ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

1 Adjudicar o contrato do servizo denominado “**Subministración de enerxía eléctrica do Concello da Capela**” á oferta presentada pola empresa HIDROELECTRICA LUMIMEY, S.L. polo prezo de **74.900,76 €/anuais IVE incluído** o ser a oferta económica máis ventaxosa.

2 Notificar a presente Resolución ás empresas que concorreron a licitación e contratación do servizo de referencia.

3 Proceder de seguido a sinatura do correspondente contrato administrativo de prestación de servizo.

O Secretario

José Antonio Meizoso Paz

Vº e Prace

O Alcalde

Manuel Meizoso López